



## **ORDENANZA FISCAL Nº 19 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS RELATIVOS Á POSESIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA E POTENCIALMENTE PERIGOSOS E O SERVIZO DE RESCATE DE ANIMAIS DE GRAN PORTE E DE COMPAÑÍA**

### **Artigo 1 Obxecto.**

De conformidade co previsto na Lei reguladora das facendas locais, establécese a taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza, as súas renovacións, inscricións rexistras, as súas modificacións, cancelacións e prestación de servizos de rescate de animais.

### **Artigo 2 Feito imponible.**

O feito imponible da taxa e a actividade municipal conducen á verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta ordenanza para a concesión da licenza indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que dela deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas tarifas desta ordenanza; así como a prestación do servizo de recollida, estancia, manutención, recoñecemento sanitario e eutanasia de animais abandonados.

### **Artigo 3 Suxeito pasivo**

1. Son suxeitos pasivos da taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición no Rexistro municipal e que están obrigados á súa renovación, así como os propietarios ou responsables dos animais que requiran os servizos de recollida, estancia, manutención, recoñecemento sanitario e/ou eutanasia.
2. En particular serán suxeitos pasivos os titulares dos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos e se dediquen á súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollidas, residencias, centros recreativos e establecementos de venda.

### **Artigo 4 Remuneración**

- 1- A remuneración da taxa producirase no momento da solicitude da prestación do servizo ou pola propia prestación do servizo aos animais no caso dos servizos descritos na tarifa primeira.
- 2- A non concesión de licenza, cando non sexa por incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades cobradas

### **Artigo 5 Tarifas**

#### **Tarifa 1ª-Rescate de animais.**

<b>Tarifa 1.1 animais pequenos : cans, gatos e similares</b>	<b>EUROS</b>
a) Recollida de animal	82,48 €
b) Estancia e manutención, día ou fracción	15,47 €
c) Recoñecemento sanitario	36,09 €
d) Eutanasia	78,36 €
e) Eliminación de cadáver (residuo sanitario)	103,10 €
<b>Tarifa 1.2 Cabalos, burros e similares polo seu porte</b>	
f) Desprazamentos	28,87 €



g) Recollida	82,48 €
h) Estancia e manutención por día ou fracción	15,47 €
i) Recoñecemento sanitario	36,09 €
j) Eutanasia	206,20 €
k) Eliminación de cadáver (residuo sanitario)	309,30 €

#### **Tarifa 2ª.-Licenzas por posesión de animais**

l) Licenza de cans potencialmente perigosos	6,86 €
m) Ficha identificativa individual	0,62 €
n) Renovación de licenzas	0,62 €
o) Inscripción no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos	3,45 €
p) Inscripción no Censo de Animais de Compañía	2,32 €
q) Modificacións rexistrais	1,13 €
r) Cancelación rexistral	2,32 €
Os actos aos que se refiren as epígrafes l, n, o, e r, cando se soliciten polos suxeitos pasivos a que se refire o número 2 do artigo 3, terán un cargo do 20 %	

#### **Artigo 6 Normas de xestión.**

1. A prestación dos servizos deberase axustar ao determinado na Lei 1/1993 do Parlamento de Galicia, e normativa de desenvolvemento.
2. Establécese ao réxime de autoliquidación da taxa, e con ingreso previo á prestación do servizo
3. Para retirar os animais, para os que se presten os servizos determinados na tarifa 1, será necesario acreditar o pagamento previo da taxa correspondente
4. No suposto de que o servizo se prestase en réxime de concesión ou contrato por prestación de servizos por entidade distinta do Concello, a recadación da taxa, realizarase polo propio concesionario.
5. O concesionario virá obrigado a notificar a relación de servizos prestados a requirimento do Concello.

#### **Artigo 7 Ingreso da taxa.**

O ingreso da taxa efectuarase en réxime da autoliquidación e con carácter previo ao acto que o motiva.

#### **Artigo 8 Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas corresponden en cada caso. Estarase ao disposto na Lei xeral tributaria.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.**

Quedan excluídos da obriga de obtención da licenza municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa da ONCE e sexan destinados á guía de persoas invidentes.



#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor coa súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa polo Concello.